



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA DO CONCELLO DE ARZÚA ( A CORUÑA).**

**CERTIFICO:**

Que o Alcalde con data 16-03-2020, ditou o Decreto número 234/2020 no que se **RESOLVE** entre outros destacando o apartado quinto que afecta a expedientes de contratación en tramitación:

**<< Descrición Decreto: ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DURANTE O ESTADO DE ALARMA**

**DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)**

Visto o RD Real decreto 463/2020, publicado no BOE nº 67 de 14.03.2020, polo que se declara en España o estado de alarma *con el fin de afrontar la situación de emergencia sanitaria provocada por el coronavirus COVID-19*, entre as que se atopan, entre outras, diversas limitacións á libre circulación de persoas e a suspensión de términos interrupción de prazos administrativos e xudiciais.

Visto que dende o concello de Arzúa, ante esta nova situación, faise preciso adoptar medidas adicionais ás previstas polo Alcalde en decreto de data 13/03/2020 que contribúan á contención da enfermidade garantindo o mesmo tempo o mantemento da prestación dos servizos esenciais.

Considerando que somos a administración máis próxima o cidadán e debemos manter una atención telefónica continuada para dar resposta a situación de necesidade que poidan xurdir ós nosos vecinos.

Vistas as competencias da Alcaldía-Presidencia recollidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, relativas á dirección da política, o goberno e a administración municipal, polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO** .- Decrétese, dende o 16 de marzo de 2020, e durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno da Nación, o peche total da atención presencial nas oficinas municipais.

A atención ó público será exclusivamente telefónica en tódolos departamentos dependentes do Concello, agás aqueles servizos que se declaren esenciais no punto segundo deste acordo (que se rexirán polo disposto no mesmo).

**SEGUNDO**.- Declarar como servizos públicos municipais esenciais os seguintes:

- 1) Oficinas de rexistro do concello.
- 2) Servizos sociais.
- 3) Brigada municipal de obras e servizos e limpeza municipal.
- 4) Seguridade e emerxencias ( policía local e emerxencia social)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

A atención nestes servizos esenciais serán unicamente telefónica e telemática. Únicamente por razón de urxencia admitirase a atención presencial, que deberá estar debidamente motivada e levarase a cabo previa cita. Os teléfonos e correos electrónicos de contacto aos que poderá dirixirse a cidadanía publicaranse na web municipal ([www.concellodearzua.com](http://www.concellodearzua.com)).

Este persoal deberá acudir presencialmente aos seus lugares de traballo cando o desempeño das súas funcións así o esixan porque así o determinen as xefaturas de cada servizo ou concelleiro/a responsable.

De acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 463/2020, de declaración do estado de alarma, o persoal do corpo de policía municipal queda baixo as ordes directa do Ministro do Interior os efectos do referido Real decreto.

**TERCEIRO.-** Todos os empregados públicos municipais cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial, debendo estar en todo momento localizables e dispoñibles dentro da súa xornada laboral ordinaria . A tales efectos a administraron facilitará formulas de teletraballo ou de traballo a distancia e ditará a correspondente circular coas pautas de traballo.

**CUARTO.-** Lembrar a toda a cidadanía a posibilidade de tramitación telemática da totalidade dos procedementos municipais a través da sede electrónica <https://sede.concellodearzua.com> .

**QUINTO .-** Suspendense os términos e interrompense os prazos para a tramitación dos procedementos. O cómputo dos prazos reanudanse no momento no que perda vixencia a declaración do estado de alarma ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

**SEXTO.-** Dar publicidade deste decreto mediante todos os medios internos e externos dispoñibles, procurando a máxima difusión á cidadanía.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura a marxe

O Alcalde - Presidente

Asdo.- JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ

Dou fe, a secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ

>>

E para que conste para os efectos que corresponda, asino a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en ARZÚA, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Vº Pr. O alcalde

Asdo.- JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ

A secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ